

---

# NO BOSQUE

Texto e ilustracións de ANTHONY BROWNE

Tradución de PILAR MARTÍNEZ e CHEMA HERAS

---

Encadernado en cartonné. 27,5 x 25 cm. 32 páx. 15 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (Portugal)

**No bosque** (galego)

ISBN 978-84-8464-668-6. Tras os montes.

**Dins el bosc** (catalán)

ISBN 978-84-8464-848-2. Kalandraka.

**Basoan barrena** (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-798-8. Kalandraka-Pamiela.

**Nel bosco** (italiano)

ISBN 978-88-95933-52-8. Libri per sognare.


**Pela floresta** (portugués)

ISBN 978-972-8781-91-0. Livros para sonhar.

*Unha noite, espertei cun ruído atronador. Pola mañá, todo estaba en silencio. E papá non estaba na casa. Pregunteille a mamá cando volvería, pero ela parecía non sabelo. Eu botaba moito de menos a meu pai...*

O protagonista identifícase implicitamente co personaxe de Carapuchiña Vermella: o seu pai non está na casa, a súa nai pídelle que lle leve un biscoito á avoa enferma e, ao igual que a nena do conto clásico, debe elixir entre un camiño longo e outro curto para chegar ao seu destino.

Un relato fondamente imaxinativo para explorar a fantasía dos nenos, os seus medos e inquedanzas. Anthony Browne acompaña os lectores nunha inesquecible viaxe ás entrañas dun bosque cheo de misterio, onde conflúen personaxes doutros relatos recoñecibles, e onde nada é o que parece.



---

■ **Temática:** relato de misterio e intriga.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** paralelismo co conto de Carapuchiña e outros clásicos da literatura infantil; simbolismo das ilustracións en branco e negro, con elementos en color; do autor e ilustrador de “O libro dos porcos”, “Un paseo polo parque”, “Que tal estás?”, “Un gorila. Un libro para aprender a contar” e “Sacapenas” (KALANDRAKA).

---

## Anthony Browne

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Graduado no Leeds College of Art, especializouse en deseño gráfico. O seu afán perfeccionista pola representación da figura humana provén da influencia dos seus primeiros traballos como debuxante de temas médicos nun hospital de Manchester. A súa adicación á ilustración infantil corresponde a unha etapa posterior, como deseñador de tarxetas de felicitación. O seu estilo revela un interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introdución de elementos estranhos nas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu destacan a Medalla Kate Greenaway, o premio Kurt Maschler, a Medalla Children's Laureate 2009, e o Premio Hans Christian Andersen 2000 pola súa traxectoria. É un dos autores ingleses máis prestixiosos pola súa contribución ao desenvolvemento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. Así o demostran títulos como “Un paseo polo parque”, “No bosque”, “Sacapenas”, “O libro dos porcos”, “Que tal estás?” ou “Un gorila. Un libro para aprender a contar”, editados por KALANDRAKA. O seu traballo crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector para completar e interpretar o texto, independentemente da súa idade.

---

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---